



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

Persoal

Retribucións dos concelleiros e concelleiras

ANUNCIO

Expediente núm. 2023/X998/000091

O Pleno do Concello, en sesión extraordinaria urxente que tivo lugar o 06/11/2024, adoptou, entre outros, o acordo de establecemento de determinadas dedicacións a diversos membros da Corporación Municipal.

A parte dispositiva do citado acordo é do seguinte teor literal:

“1º) Determinar que a **Concellaría Delegada da Área de Promoción Industrial, Xestión Económica, Emprego, Seguridade e Atención Cidadá** desenvolverá as súas funcións con **dedicación exclusiva**, percibindo un salario bruto anual de **48.409,31 euros**.

2º) Determinar que a **Concellaría Delegada da Área de Planificación Urbana, Medio Ambiente e Novos Proxectos** desenvolverá as súas funcións en réxime de **dedicación parcial**, percibindo un salario bruto anual de **36.307,72 euros**.

3º) As referencias, que no acordo plenario de retribucións adoptado na sesión do 07/07/2023 se efectúan á extinta Concellaría delegada especial de Obras, Infraestruturas, Medio Ambiente e Medio Rural **deben entenderse efectuadas á nova Concellaría Delegada especial de Obras, Infraestruturas, Servizos e Medio Rural, cuxo titular, que desempeña o cargo con dedicación exclusiva, seguirá percibindo a mesma retribución.**

4º) Establecer que en todo o non regulado neste acordo serán de aplicación as normas establecidas no acordo plenario do 07/07/2023, tendo en conta que as novas retribucións, para facerse efectivas, deberán ser aceptadas expresamente pola concelleira e concelleiros concernidos.

5º) Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP) e no taboleiro de anuncios electrónico da Corporación, de conformidade co previsto no artigo 75.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. “

As Pontes de García Rodríguez, 20 de novembro de 2024

O alcalde

Valentín González Formoso

2024/8300